

Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Cultural Monte Branco para a reforma da casa dos veciños do Couto en Ponteceso, dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio), na súa condición de presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. José María Varela Martínez, en calidade de presidente da Asociación Cultural Monte Branco, con CIF G15066384, en virtude do seu nomeamento na Asemblea xeral da Asociación do 25 de setembro de 2022.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para a mellora da calidade de vida da poboación que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agrolimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.





A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_2_8_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Inscrita por resolución do 16 de novembro de 2006 no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, na sección 1ª co número 2006/010007-1, a Asociación Cultural Monte Branco rexerese polos seus estatutos, pola Lei Orgánica 1/2022, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

De conformidade co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, son fins da Asociación organizar actividades culturais diversas, tales como lectura comentada de libros e revistas, proxección de películas e diapositivas, audición de música de calidade, conferencias e conversas de divulgación cultural, visita a museos, formación, desenvolvemento rural e comunitario, fomento da artesanía, actividades destinadas a promoción da muller e a terceira idade, entre outras.

Cuarto.- O 10 de xullo de 2023, a Asociación Cultural Monte Branco presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para o





financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Xunto coa solicitude, achegou unha memoria valorada de reforma da casa dos veciños do Couto, no Concello de Ponteceso onde se describe a longa traxectoria de movemento voluntario activo e comprometido por parte da veciñanza na aldea do Couto que se desenvolve e materializa neste espazo en actividades sociais e culturais.

Neste sentido e contextualizando o nacemento da "Casa dos veciños", a Asociación Cultural Monte Branco levan achegando á comunidade numerosas propostas de formación. A implicación da comunidade en todas as actividades sempre foi moi intensa, tanto na participación das propostas ofertadas como na cesión dos seus domicilios e espazos para levalas a cabo, xa que nun inicio non contaban cun espazo propio. Co tempo e axuda dunha veciñanza comprometida, solidaria e desinteresada, conseguiron a actual "Casa dos veciños", no que se desenvolven as actividades que se van programando.

Neste local e baixo o nome de Asociación Cultural Monte Branco, ofertáronse numerosos cursos de alfabetización de adultos, graduado escolar, cursos de lingua galega e charlas relacionadas co movemento agrario e a saúde, tan importantes no contexto das aldeas. Co fin de mellorar a oferta educativa para adultos e nenos, habilitouse un novo espazo cultural denominado Fundación Eduardo Pondal, nome que xira en torno á figura do extraordinario poeta do Rexurdimento.

Trátase dun lugar que definen como espazo de encontro e que multiplica a participación cada semana onde as propostas culturais están dirixidas a todo o colectivo veciñal tanto a persoas adultas como nenos e nenas.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Dinamización da vida socioeconómica e cultural da zona.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Mellora dos tecidos culturais, educativos e produtivos.
- Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.





- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.

Quinto.- De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. A necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca materialízase na realización de obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións a satisfacer as necesidades da veciñanza.

As actividades desenvolvidas dende a Asociación Cultural Monte Branco e a Fundación Eduardo Pondal son un exemplo de dinamización da vida rural, ofertando un programa cultural variado que consegue implicar a toda a comunidade en numerosas actividades que promoven a cohesión social dos distintos grupos de idade. Esta implicación logra acadar un impacto positivo non so a nivel local senón de toda a comarca bergantiñán e tamén, en ocasións puntuais do ano como a celebración do Festiletras, de toda a Comunidade Autónoma. A labor que realizan é sen dúbida indispensable para garantir a existencia dun rural activo e dinámico que ten nas persoas que o habitan o seu maior activo.

A continuidade destas actividades está condicionada ao mantemento dos lugares nos que se realizan nun bo estado de conservación, polo que a restauración da Casa dos veciños resulta de vital importancia para garantir esta condición.

Neste caso a memoria técnica presentada pola Asociación Cultural Monte Branco, propón a reforma da casa dos veciños do Couto en Ponteceso. A singularidade do proxecto reside na promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Trátase dunha edificación que comporta a reforma e o acondicionamento da planta superior necesaria para a continuidade das actividades que se están levando a cabo no lugar, moitas delas realizadas grazas á colaboración do voluntariado mozo e sénior na liña de promover un envellecemento activo satisfactorio (que inclúe o xénero e a cultura, o sistema sanitario e social, os factores económicos, o ámbito físico e determinantes persoais, conductuais e de ámbito social). Este programa de actividades que se desenvolve neste edificio a reformar, enfócase precisamente no fomento dun voluntariado interxeracional no que as persoas maiores teñen a responsabilidade de aproveitar activamente as ocasións que se lles presentan para desenvolver novas actividades e/ou coñecementos, así como para compartir os seus saberes coas persoas máis novas.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo





que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.- Categorias de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. Actuar en relación ao patrimonio inmaterial da comarca para recuperalo, conservalo, protexelo, divulgalo ou desfrutalo.
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.





Polo exposto, o proxecto presentado pola Asociación Cultural Monte Branco "Reforma da casa dos veciños do Couto en Ponteceso", dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca, cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a reforma da casa dos veciños do Couto en Ponteceso. Esta reforma comporta o acondicionamento da planta superior do edificio necesaria para a continuidade das actividades que se están levando a cabo no lugar.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar correspóndense co acondicionamento da planta superior do edificio, consistindo unicamente nunha reforma interior que non comporta ningunha afectación a elementos estruturais. As actuacións están enfocadas á mellora das condicións de habitabilidade e eficiencia enerxética, incluíndo a restitución de elementos danados ou en mal estado de conservación, o mantemento do entramado de madeira da cuberta e a disposición de illamento para aumentar a estanquidade e o comportamento térmico da edificación. Inclúese tamén a disposición de elementos de iluminación e mobiliario que permitan a realización das distintas actividades para as que está previsto o local.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que se detallan no Anexo I "Orzamento desglosados por partidas" de este convenio e cumpran as condicións que se detallan na memoria presentada.





TERCEIRA.- Obrigas da Asociación Cultural Monte Branco

A Asociación Cultural Monte Branco comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa. O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

A Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación establece no artigo 4.3 que nas súas relacións coa Administración o outorgamento de axudas ou subvencións públicas e, no seu caso, o recoñecemento doutros beneficios legal ou regulamentariamente previstos, estará condicionado ao cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso. Neste sentido, a Asociación Cultural Monte Branco deberá de cumprir ademais cos requisitos establecidos no citado convenio.

Para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento a Asociación Cultural Monte Branco deberá presentar declaración responsable ou as certificacións acreditativas, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.





A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Agader para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Asociación Cultural Monte Branco e comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto "Reforma da casa dos veciños do Couto en Ponteceso", a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, ascende a cento un mil cincocentos oitenta e catro euros con nove céntimos (101.584,09 €), para o período 2023.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede á Asociación Cultural Monte Branco, unha subvención directa a fondo perdido por un importe 101.584,09 euros para a anualidade 2023.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2023	101.584,09 €
	101.584,09 €	





Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Axencia poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación pola Asociación Cultural Monte Branco do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

A Asociación Cultural Monte Branco poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 81.267,27 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están





obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados.

O réxime de garantías será o previsto nos apartados 2 e 3 do artigo 67 do citado Decreto 11/2009. En consecuencia, a garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto no convenio. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas.

No caso de que a Asociación Cultural Monte Branco solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas no proxecto que inclúe a memoria técnica valorada ascende a cento un mil cincocentos oitenta e catro euros con nove céntimos (101.584,09 €) para anualidade 2023.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional





establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da persoa titular da asociación, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Acta de recepción.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, e devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de





13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que a Asociación Cultural Monte Branco non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Cultural Monte Branco acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de





Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2023, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Asociación Cultural Monte Branco e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DECIMÓ PRIMEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa





Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento no lugar e data arriba indicado.

José González Vázquez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidente da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

José María Varela Martínez
Presidente da Asociación Cultural
Monte Branco





ANEXO I

Orzamento desglosados por partidas

ACTIVIDADES	ORZAMENTO
Baleirado de faiados, con aproveitamento dos elementos que se atopen en bo estado e pertinente tratamento de residuos. Baleirado do mobiliario existente e da biblioteca, con aproveitamento.	1.460,00 €
Desmontaxe de elementos de madeira (non estrutural) en falso teito e retirada por medios manuais para posterior xestión de residuos.	2.820,00 €
Baixada de entullos a pé de obra	884,00 €
Desmontaxe de portas e premarcos dos faiados para posterior substitución.	702,00 €
Limpeza do entramado de madeira da cuberta, por medios manuais, para posterior aplicación de tratamento anticarcoma por contacto e absorción.	2.380,00 €
Subministración e aplicación de tratamento anticarcuncho por contacto e absorción a todo o armazón de cuberta.	3.480,00 €
Subministración de illamento en la de roca de 40 mm 1 capa, manta micro perforada de 1mm anticondensación e 1 capa de illamento compacto de 30mm. Colocación de illamento por medios mecánicos e manuais.	5.670,00 €
Cerramento en placa pladur hidrófugo de 13mm pasteado e terminado para pintar.	7.840,00 €
Instalación eléctrica e conectividade en toda a planta, con iluminación led 3.000-4.000K, acesos e reparticións. Acometida desde o cadro xeral e cadro de mandos para repartición de planta.	3.755,00 €
Apertura de ocos de despensas baixo a cuberta de garitas para facelas practicables,, illalas insuflando cámaras e colocar portas de novo con peche.	3.770,00 €
Subministración e instalación de dúas mamparos practicables en carpintería para separación de aulas ou locais.	4.200,00 €
Subministración e colocación de tarima flotante en toda a planta, con illamento térmico/acústico. Calidade AC5 hidrófuga cos seus remates e zócalos pertinentes.	8.900,00 €
Pinturas de acabado en anticondensación branco en teitos e ton en paredes. Despensas en cor branca. Saneado de humidades, pasteado e pinturas do canón de escaleiras que acceden á planta superior.	4.845,00 €
Limpeza do local para entrega. Contedores de obra.	1.320,00 €
Subministración e colocación de pasamáns metálico con barra de madeira..	2.370,00 €
Subministración e colocación de liteiras de albergue desmontables, metálicas e aceiro lacado, para colchonería de 200mm grosor e 800 mm de ancho.	6.120,00 €
Colchóns de 200mm grosor e 800mm ancho de peiraos, sobre somier laminado.	4.420,00 €





Montaxe do mobiliario de dormitorio.	1.200,00 €
Faladoiros nas 5 garitas para zona de lectura e lecer, fabricados en madeira natural vernizada e instalados.	1.860,00 €
Portas no vestíbulo e saneado de paredes. Rematado en pinturas lavables.	860,00 €
1 Porta de paso de 900mm	460,00 €
2 Porta de paso de 720 mm	840,00 €
1 Porta dobre de paso de 900mm+ 300	970,00 €
1 Porta corredera en entrada principal de 1500 mm acristalada todas con acabado en vinílico claro.	1.660,00 €
1 Velux no teito das escaleiras con bloqueo de apertura.	570,00 €
Vinilos decorativos e murais a forma de ambientar as zonas comúns	1.820,00 €
Apertura de acceso para persoas con mobilidade reducida, polo lateral do edificio, accedendo á planta alta. Demolición de oco para a instalación de porta exterior en aluminio con antipánico, a oco de 900mm de paso. Rampla exterior en metal, para alcanzar a cota esixida. Incluído porta, rampla e obra de instalación.	4.340,00 €
Limpeza do local e contedores de obra para entullos.	440,00 €
Subtotal	79.956,00 €
Imprevistos xurdidos en obra por vicios ocultos 5%	3.997,80 €
Subtotal orzamento	83.953,80 €
IVE 21%	17.630,29 €
Total orzamento.	101.584,09 €

